



## **José María Gómez y Díaz-Castroverde.**

Ingresou na carreira xudicial en 1981. Tras ascender a maxistrado, foi titular do Xulgado de Instrución número 3 de San Sebastián e do Xulgado de Instrución número 29 de Madrid.

Entre 1986 e 1988 foi letrado dos órganos técnicos do CXPX, onde ocupou as xefaturas da Sección de Cualificación e do Servizo de Persoal Xudicial. Desde maio do 1988 ata setembro de 2019 exerceu como maxistrado especialista da Sala do Contencioso-administrativo do TSXG. Despois de presidir as seccións terceira e cuarta desta Sala, foi nomeado en xullo de 2009 presidente da Sala do Contencioso-administrativo, cargo que desempeñou ata o seu nomeamento como presidente, desde o que pasa a integrarse na Sala do Civil e Penal.

Autor de numerosas publicacións editadas polo Consello Xeral do Poder Xudicial e por outras institucións públicas e entidades privadas, Castroverde tamén foi membro do Consello Consultivo de Galicia entre 1996 e 2007. Desde 2017 ocupa a vicepresidencia da Xunta Electoral de Galicia e é tamén académico de número da Real Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.